

A Nosa Voz

Revista informativa da Diocese de Lugo

Verán 2007

Nº 69 III ÉPOCA

Cinco novos sacerdotes
dispostos a ser testigos de
Deus nas parroquias de Lugo



“Vivir para os demais”

Fin de curso

Rematamos o curso. A Nosa Voz, como todos, tómase un descanso por vacacións.

Cada vez que se remata algo tendemos a facer repaso do que queda feito. Valoración e crítica, preferiblemente constructiva, do traballo realizado, e tamén, como non, planificación do futuro.

O que acontecerá para o vindeiro curso é aínda unha incógnita. O que teña que vir será afrontado con ilusión, gañas e forza. Cada etapa do camiño percórrese de distinta maneira, adaptándose un ás necesidades do mesmo.

Se todo tivese que ter un principio e un fin, suporía pechar a porta a moitas das cousas que no medio ocorreron. Sería inxusto e parvo deixalas atrás e non levalas con nós; ó fin e ó cabo, forman xa parte da nosa existencia.

Poñerlle un final significaría que xa o demos todo, que o dixemos todo, que nada nos queda por transmitir, aprender ou vivir. Pero iso non é certo. Tan só rematamos un curso, unha etapa, un tramo do percorrido. Por iso non se trata dunha despedida, simplemente é "un punto e seguido".



Cáritas

Traballemos
pola xustiza.

A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTORA: María José Campo López- Barcia.
CONSELLO DE REDACCION: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, Miguel Gómez, Miguel Rico Gómez, Antón Negro.

ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.

EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de Pastoral da Diocese de Lugo.

ENDEREZO: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.

Teléfono: 982 23 11 43

Teléfono-Fax: 982 25 15 93

E-mail: mcsbispo@planalfa.es

A NOSA VOZ

DEPOSITO LEGAL: LU 649 - 1996

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao.

AXENDA

XULLO

Día 1: Primeira Misa Solemne de Jorge (Friolfe - O Páramo)

Día 2: Inicio da peregrinación diocesana a Lourdes, ata o día 6

Días 2 - 7 Campamento da parroquia A Nova (Lugo) en Siador

Día 3: Cursiño prematrimonial os días 3 - 5, 10 - 12 en S. Francisco Xavier (Lugo)

Días 5 - 23 Dous campamentos en Foz organizados polos Salesianos

Días 7 - 23 Cinco cursos en Cambados e Allariz organizados polos Salesianos

Día 8 Primeira Misa Solemne de Francisco Moreiras (Lalín)

Días 11 - 20 Campamento en Cangas do Morrazo organizado pola Asociación Mundaveiga e a Fundación O Noso Lar.

Día 14: Primeira Misa Solemne de José M. Penela (Martixe - Silleda)

Días 15 - 23 Campamento en A Rúa organizado polos Salesianos e ata o día 26 en Cambados

Días 15 - 20: Convivencia do Seminario Menor no Camiño de Santiago / Camiño Inglés

Día 22: Primeira Misa Solemne de José e Jesús Río (Vilavella - Triacastela)

Finais de xullo: Convivencia do Seminario Menor no interior da Diocese (Por concretar: A Fonsagrada ou Silleda)

AGOSTO:

Días 3 - 10: Convivencia do Seminario Menor en Viveiro

Días 3 - 9: Retiro/Convivencia do Seminario Maior en Asturias

Finais de Agosto: Retiro / Convivencia do Seminario Maior en Viveiro

SETEMBRO:

Días 16 - 21: Exercicios Espirituais do Seminario Maior na Casa Diocesana de Lugo)

Días 26 e 27: Cursiño de Formación no Seminario

O Mandato imperativo é o procedemento polo que as decisións dos cidadáns son executadas polos seus representantes. No caso de que non o fixesen así se lles quitaría a representación. Isto é o congruente coa democracia entendida como o goberno do pobo, polo pobo e para o pobo. O mandato imperativo sería normal que existise en toda democracia, pois supón que os representantes actuarían de acordo coa vontade dos representados, pois para algo son os que os representan.

Nembargantes, se a democracia se entende como alternancia no exercicio do poder, como din os nosos políticos, as cousas son distintas e esta maneira de entendela non ten nada que ver co parágrafo anterior. O que lle cadra neste segundo caso é o que se chama **unha oligarquía**; é máis, a dictadura pode ser en alternancia.



Eleccións: o mandato imperativo

¿Que di a Constitución vixente sobre o mandato imperativo?:

Art. 67:

"2.- Os membros das Cortes Xerais **non estarán ligados por mandato imperativo**.

3.- As reunións de parlamentarios que se celebren sen convocatoria regulamentaria non vincularán ás Cámaras, e non poderán exercer as súas funcións **nin ostentar privilexios**".

Comentando este artigo escribe Ana Rivas, profesora da Complutense, en *Cultura para la Esperanza* nº. 3:

"A democracia, na súa versión moderna, non só significa un tipo concreto de democracia (a representativa), senón tamén un tipo determinado de representación (libre). A constitución española de 1978, ó igual que outras, recolle este principio no apartado 2 do art. 67:

'Os membros das Cortes xerais non estarán ligados por mandato imperativo'. Cantos cidadáns de a pé e potenciais electores coñecen este artigo e saben o que quere dicir? Cantos políticos se preocuparon de explicalo?"

Non convén esquecer que a participación política segundo a nosa constitución faise a través dos partidos políticos (art. 6: "Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e á lei. A súa estrutura interna e funcionamento **deberán ser democráticos**"). Do contrario, habería que proceder á recollida de sinaturas debidamente

cumprimentadas (como mínimo 500 e unha por 1000 se son máis de 500.000 electores).

Pero a existencia de partidos non garante sequera a democracia de representación libre entre outras razóns porque:

a) Non está asegurada a democracia interna nos partidos, senón que máis ben falta como vemos na disciplina de voto, na presentación de candidaturas únicas nos congresos, na confección de listas para as eleccións desde arriba, ata chegar a dar normas e supervisar como se teñen que vestir os candidatos para as fotos (Joan Campmany, *Efecto ZP*, Planeta, páxs. 141-144, ou *El Mundo* 24-IV-07).

b) Os partidos carecen dunha concepción da persoa e da sociedade, de verdadeiros principios éticos e de ideais que dean sentido á vida. Así pasan a

ser maquinarias electorais para a conquista do poder e conseguir cargos a favor dos seus membros e amigos.

Por iso non é de estrañar a conclusión de Ana Rivas:

"Os representantes elixidos por medio dos partidos políticos **pasan de ser servidores** dos seus representados **a señores** dos seus electores para rematar sendo **vasalos** da máquina do partido simbolizada no xefe. A lealdade ós seus electores transfórmase en **servilismo ó poder**".

A crise do principio da representación libre como forma de participación política póna de manifesto: a alta abstención, os poucos afiliados a partidos, o transfuguismo...

Antón Negro

Algunhas consecuencias da prohibición do mandato imperativo

1ª.- Os programas electorais, no caso de que os haxa, non serven para nada máis que para gañar as eleccións e elaboranse en función diso. Despois non se pode esixir que se cumpra pois está prohibido o mandato imperativo. Non lembrades, por exemplo, que o referendun de 1986 sobre a permanencia na OTAN tiña tres condicións que formaban parte do que se votaba?:

- España non se integraría na estrutura militar.
- En España non habería, nin transitaría polo seu territorio, aramento nuclear
- Os soldados españois non irían a misións no estranxeiro.

Pois as tres están incumpridas e non pasou nada, nin se nos deu unha explicacións ós cidadáns.

O mesmo sucedeu nas últimas eleccións, sen ir a máis atrás: algúns seguen esperando que se lles paguen os 100 € mensuais ás nais de nenos pequenos (por iso os votaron), que os psicólogos entren como profesionais da Seguridade Social, a estabilidade no posto de traballo dos profesores de relixión, etc, etc.

2ª.- Crease unha mentalidade e actuación non

democrática nos que ostentan cargos políticos. Como botón de mostra abonde o tríptico da primavera do 2007 sobre o **voluntariado en defensa do monte galego** que editou a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, pertencente á Vicepresidencia, que di:

"Os voluntarios e voluntarias vixiarán en zonas establecidas de acordo coas indicacións que ofrece a Consellería do Medio Rural. Para eso estarán **controlados e dirixidos en todo momento** por coordinadores/as".

Pero non quedabamos que en democracia quen controla son os cidadáns ós políticos e non ó revés? Controlar e dirixir en todo momento é propio de réximes dictatoriais e totalitarios.

3ª.- A prohibición do mandato imperativo xustifica de feito o transfuguismo e impide que se poida actuar contra el, pois está amparado na Constitución que os elixidos fagan o contrario do que prometeron, que cambien de partido, que non vaian polo Congreso...

Por outra parte sería moito peor a solución que algúns dan: que os escanos pasaran a pertencer ós partidos políticos. Con esta

solución pasaríamos a darlles aínda máis poder ós xefes dos partidos. Estes, durante a lexislatura poderían cambiar ós deputados por outros máis submisos ó poder no partido. Isto sería unha grave inxustiza, dado que o escano só debe pertencer ós electores e a ninguén máis.

Para rematar volvemos ás propostas da antes citada Ana Rivas:

"Por iso é necesario non enganar ó cidadán facéndolle crer que a democracia moderna, no seu modelo de representación libre, é o único modelo viable de participación política. Existe outro tipo de democracia (directa) e outro tipo de representación (vinculada), cos seguintes presupostos:

- Rigoroso mandato imperativo no desempeño do cargo.
- Revocación posible en todo momento.
- Prazos curtos no exercicio dos cargos para evita-la perpetuación no poder, que outorga ós profesionais o seu saber técnico e secreto.
- Deber rigoroso de rendición de contas ante os electores.

Na exhortación apostólica postsinodal (Sacramentum Caritatis, 55) recoméndasenos cultivar o desexo da plena comunión con Cristo. Quixera chamar a atención sobre a recomendación de practicar a comunión espiritual naqueles casos en que non é posible achegarse á comunión sacramental:

"Aínda cando non é posible achegarse á comunión sacramental, a participación na santa Misa segue sendo necesaria, válida, significativa e frutuosa. Nestas circunstancias, é bo cultivar o desexo da plena unión con Cristo, practicando, por exemplo, a comunión espiritual, recordada por Xoán Paulo II e recomendada polos Santos mestres da vida espiritual".

Comunión espiritual

Esta recomendación merece unha reflexión por parte de todos. Algúns (poucos) consideran que é unha práctica pasada, doutros tempos. Faise necesario entrar na verdade que se esconde detrás desta recomendación, para descubrir a súa actualidade pastoral.

Pártese, teñámolo en conta, de que a participación na Eucaristía sempre é necesaria, válida, significativa e frutuosa. A participación na misa é sempre necesaria para alimentar e robustecer a nosa vida de fe. O sacramento da Eucaristía convértese para todos en fonte e cume da nosa vida cristiá.

Tendo en conta tantas situacións persoais e pastorais, dos homes e mulleres, podemos falar de graos de participación. É verdade que só coa comunión sacramental achéganse as persoas á participación plena. Pero, que pasa en tantas situacións concretas polas que atravesan as persoas? que pasa coas persoas que ás veces por falta de formación non se achegan a comungar? etc. Había que recomendar a estas persoas que non poden achegarse a comungar, ou aquelas que non "saben"; que xa non vaian a misa. A eucaristía é para todos, para os que estamos peregrinando, para os pecadores e non esquezamos que todos o somos, todos pasamos por situacións de impureza. Todos necesitamos

a graza da presenza do Señor actualizada e repartida no Sacramento.

Na vida das nosas comunidades atopámonos de todo. A todos ten que responder a Igrexa, a todas as situacións.

Non podemos esquecer o valor da reunión da comunidade. En si mesmo, é unha confesión de fe, unha manifestación da presenza do resucitado. Non nos podemos esquecer do grandísimo valor da proclamación e escoita da Palabra de Deus. A liturxia da Palabra de cada celebración eucarística é tamén presenza do Señor que fala ao corazón da súa Igrexa, que ilumina a nosa vida e invítanos á conversión e ao testemuño.

A participación na misa é sempre necesaria para alimentar e robustecer a nosa vida de fe

Non nos podemos esquecer do valor do ofrecemento da nosa vida que, na eucaristía, queremos unir ao sacrificio de Cristo. Non nos podemos esquecer do que supón proclamar a plena eucarística e como nos axuda a recoñecer a acción do Espírito como aquel que nos fai presente a Cristo, como nos axuda a descubrir que a acción de grazas e loanza é a maior oración que temos que dirixir unidos en Cristo a Deus Pai. Como esta pregaria lembra, cada vez que é proclamada, que facemos isto en memoria do Señor.

Non podemos esquecer a importancia da oración en común dos fillos, do rito da paz, sempre necesario para o noso corazón e para o noso mundo, esta paz só a dá e a trae

Cristo. O xesto da fracción do pan, como é o Señor quen segue partindo e repartindo o seu corpo para que nós teñamos vida e a teñamos en abundancia.

Non podemos esquecer que, aínda que nalgún momento ou para algunhas situacións non se teñan as condicións persoais para comungar, ese xesto sempre será unha chamada, unha invitación a procurar mellorar, cambiar, rectificar a vida e tamén a confiar no Señor como o único salvador.

Di o Papa que "é bo cultivar o desexo da plena unión con Cristo". Velaquí onde se esconde a gran cuestión e o gran reto para as parroquias, sacerdotes e responsables de pastoral.

É esta a meta sempre: cultivar o desexo da plena unión con Cristo. É un reto grande, ás veces falamos tanto das situacións

É necesario buscar opcións responsables que fomenten e non fagan perder nunca, aínda nas situacións irregulares, o desexo de encontrarnos co Señor.

irregulares, e iso róubanos moito esforzo. Ese esforzo debería ser maior pola nosa parte para manter vivo o desexo de encontrarse con Cristo. Alimentar e facer crecer o desexo. Aquí se esconde unha tarefa pastoral urxente que como tantas outras require atención, tempo e creatividade.

É necesario buscar opcións responsables que fomenten e non fagan perder nunca, aínda nas situacións irregulares, o desexo de encontrarnos co Señor. Para iso o Papa recomenda "practicando, por exemplo, a comunión espiritual", tendo en conta a experiencia da Igrexa. A pastoral debe acoller esta recomendación e fomentar de mil xeitos o desexo de comunión co Señor. O Señor sempre nos espera sempre sae ao encontro do home e quere en cada situación ofrecer o seu camiño de amor e salvación.

JOSÉ ANTONIO FERREIRO

(Publicado en LITURGIA Y ESPIRITUALIDAD, en maio de 2007)

Do 16 ó 27 de xullo

Campamento urbano de Cáritas

A idea de realizar un campamento urbano en Lugo xurdiu no ano 1993. Son pois xa 12 anos nos que o Campamento Urbano leva organizándose e conservando as súas características principais: o seu carácter educativo; trátase dunha actividade en Lugo e para Lugo, que busca coñecer a cidade; é unha proposta aberta a tódolos cidadáns; é gratuito. Está destinado a nenos entre 8 e 12 anos. Este ano o tema

principal será "unha historia de cine", e tódalas actividades: xogos, obradoiros, saídas, festas... xirarán en torno a este tema.

Acampada: do 3 ó 5 de xullo en Bolmente (Sober)

Outra das actividades do programa de atención á xuventude de Cáritas é a organización dunha acampada. É unha actividade dirixida a adolescentes coa finalidade de espertar o interese pola



A última actividade que Cáritas desenvolveu de cara ós nenos foi na campaña do Día da Caridade

natureza, polo seu coidado e respecto; pretende crear hábitos de vida saudables con actividades ó aire libre; desenvolver a cooperación e participación; así como coñecer o noso entorno natural e aprender a valoralo. Está aberto a participación de adolescentes entre 13 e 17 anos.

Cando a barca da Igrexa parece afundirse no mar do século XXI, Deus fainos, á toda a Igrexa, cinco grandes regalos: cinco novos sacerdotes. Así volve a deixarnos claro que segue a haber persoas que responden "si" á súa chamada; que hai esperanza porque hai futuro, hai vida.

O 30 de xuño ás 17 horas na parroquia de San Francisco Xavier, ordénanse presbíteros cinco mozos da nosa Diocese de Lugo per ipsum, et cum ipso, et in ipso (por El, con El e nel), como reza o lema da ordenación.

Francisco, José Manuel, José, Jesús e Jorge son as persoas ás que o Sr. Bispo impón as súas mans pedindo a Deus que os consagre ministros da Eucaristía, da reconciliación, da paz; ministros de Cristo. Os cinco chegan ata aquí logo de once anos de maduración, de preparación, de aprendizaxe, de ledicias e tamén tristezas. Atrás quedan xa dez anos de Seminario e un de prácticas pastorais como diáconos.

Cinco regalos para a Igrexa

Francisco Moreiras Calvo naceu en Lalín hai 26 anos. Ingresou no Seminario Menor para cursar 1º de BUP, ao igual que os seus catro compañeiros, hai once anos. "Daquela -afirma- non pensaba que chegaría este momento", referíndose á ordenación. Co paso do tempo foi descubrindo a vontade do Señor e hoxe, ás portas do sacerdocio, embárgao "unha fonda ledicia e unha grande paz" sabendo que "é o Señor o verdadeiro protagonista de todo isto". E a El pídelles forzas para "ser un servidor fiel e cumpridor aínda cando son consciente de que non son merecente de graza tan grande".

José Manuel Penela Campos naceu nunha parroquia do concello de Silleda chamada Martixe hai 25 anos. Ilusión e respecto son as dúas verbas que máis se escoitan cando fala deste momento tan transcendental para a súa vida. Aos 18 anos comezou a sentir a chamada do Señor. Hoxe está claro: "ser sacerdote de Deus para os demais". Afirma que todos os días, na oración, pide a Deus que "manteña fortes a ilusión e as gañas" das que hoxe se sente cheo, "durante todo o meu ministerio sacerdotal".

José Río Ramilo naceu hai 24 anos en Vilavella, no concello de Triacastela. Con el, o seu irmán **Jesús**. Naceron xuntos e xuntos serán ordenados sacerdotes. Ante este feito, cando menos curioso, un non pode deixar de preguntar pola posibilidade de que a vocación vaia nos xenes; Xesús responde: "o Señor chama a cada persoa, unha e única, nas súas circunstancias concretas; aos xemelgos tamén por separado". De tódolos xeitos está claro que na súa parroquia de orixe non faltan vocacións. Dende esta realidade se



Na foto vemos ós novos presbíteros xunto a Frei Xosé cando foron ordenados diáconos

entende o optimismo de José: "a falta de vocacións non é algo que me asuste; asústame que non haxa cristiáns comprometidos coa verdade do Evanxeo".

Jorge Vázquez Freire naceu en Friolfe (O Páramo) hai 24 anos. Cando se lle pregunta por cómo afronta este momento, responde, logo dun profundo silencio, que "sendo consciente do grande reto que se presenta". Di que o único que se lle ocorre e "pedirlle a Deus a súa protección, a súa graza, para o camiño que me tocará percorrer. Un camiño que estará iluminado polo Espírito Santo; un camiño que se fará doado, ata nos momentos duros, porque

Cristo nunca nos deixará da súa man".

Logo de falar con cada un deles... un mesmo parece encherse desa "ilusión" que rezuma nas súas verbas. Cinco vidas entregadas para todos, cinco vidas cheas de forzas e gañas de facer presente o amor e o Evanxeo de Xesucristo na nosa sociedade.

Eles cinco son un regalo de Deus. Un regalo para a nosa Diocese. Só queda desexarilles o mellor para esta nova tarefa que a Igrexa lles encomenda: ser sacerdotes, curas do Mundo.

Marcos Torres

Actividades do Seminario durante o verán

Xullo

Día 1. Primeira Misa Solemne de Jorge Vázquez (Friolfe).

Día 8. Primeira Misa Solemne de Francisco Moreiras (Lalín).

Día 14. Primeira Misa Solemne de José M. Penela (Martixe)

Días 15-20 Camiño de Santiago / Camiño Inglés.

Día 22. Primeira Misa Solemne de José e Jesús Río (Vilavella).

Finais de mes - Convivencia no interior da Diocese.

Agosto

Días 3-10. Convivencia do Seminario Menor (Viveiro).

Días 3-9 Retiro e Convivencia do Seminario Maior en Asturias.

Finais de mes - Retiro e Convivencia en Viveiro.

Setembro

Días 16-21. Exercicios Espirituais na Casa Diocesana de Lugo.

Días 26-27. Cursiño de Formación no Seminario.

A liturxia e a parroquia

A parroquia.

A parroquia é o modelo de visualización e concreción da Igrexa, visualización levada a cabo sobre todo a través das celebracións litúrxicas. A parroquia é na Igrexa o lugar principal da liturxia, pois a súa función primeira, (é prescripción canónica), circunscríbese ó ámbito do sacramental, especialmente á eucaristía e penitencia. O cometido sacramental da parroquia fai que case se identifique cun templo, aínda que cunha particularidade: ten en exclusiva a pía bautismal. A parroquia convírtese nun espazo social de ritualidade sacramental.

Parroquia sacramental.

A parroquia, dende os comezos, mantivo o privilexio do sacramental. A súa vocación litúrxica ponse de relevo polos seus lugares de culto: o altar para as celebracións

eucarísticas, o confesionario para a penitencia e o baptisterio para os bautismos. Precisamente por ser bautismal e eucarística, correspóndenlle á parroquia os demais sacramentos (penitencia, matrimonio e unción de enfermos), a excepción dos reservados na Igrexa latina por e para o Bispo: a confirmación e a orde sacerdotal.

Froito das súas funcións sacramentais e devocionais, a parroquia tende a refuxiarse no ritual. A convocatoria parroquial é practicamente sacramental, sendo difícil reunir na parroquia á freguesía para outra finalidade.

Precisamente a causa do sacramental, a parroquia subsiste como lugar privilexiado do catolicismo popular, caracterizado pola súa ritualidade sacramental. Os "católicos" teñen contacto coa parroquia mediante certas



A convocatoria parroquial é practicamente sacramental, sendo difícil reunir na parroquia á freguesía para outra finalidade.

misas e as 4 estacións sacramentais: bautismo, primeira comunión, matrimonio e os funerais. En última instancia, o fondo relixioso do noso pobo está impregnado polo catolicismo popular, afectivo, intuitivo, ritual e sacramental; un catolicismo resistente ós cambios, que amosa unha relixiosidade alonxada moitas veces da historia e da vida real.

Actitudes dos fregueses ante o sacramental.

Hai uns anos a xente identificábase coa parroquia. Os

habitantes dun mesmo territorio parroquial -todos eles bautizados- eran automaticamente fregueses, máis ou menos practicantes do culto, máis ou menos crentes da doutrina da Igrexa e cercanos ou alonxados da moral católica oficial. Hoxe a freguesía da parroquia é diversa pola súa tendencia social, idade, nivel cultural, ideoloxía política e interese relixioso. Por estas razóns, non todos os fregueses demandan á parroquia ritos, sacramentos ou devocións.

Tipos de freguesía parroquial

A tipoloxía da freguesía parroquial, no tocante ó litúrxico, é variada.

1. Fregueses litúrxicamente esixentes.

Teñen unha fe persoal e un forte sentido e compromiso social. Critican a liturxia parroquial á que califican de evasiva, descomprometida, alonxada da vida e rutinaria.


2. Conformistas tradicionais da eucaristía dominical.

Son os católicos "de toda a vida". Teñen unha relixiosidade popularizada, que non popular, ésta é participativa, imaxinativa, emotiva, corporal e ritual, a popularizada é unha relixiosidade privada, individual e espiritualista, non colectiva (burguesa), de costumes (máis que tradicións) e utilitaria (con multiplicación de prácticas).

3. Participantes pertencentes ó pobo.

A maioría dos presentes nas misas dominicais é xente de idade avanzada. Internalizaron a relixión mediante a iniciación materna infantil, a catequese do catecismo, os sacramentos populares, as festas periódicas. Nos sacramentos a celebración é cousa do cura.

Conseqüentemente, a parroquia responde a un modelo ritual dun universo relixioso no que prevalecen o rito, a obriga e o



cumprimento. Fomentándose a pasividade: custa que o pobo cante, non é doado que participe na preparación da liturxia e é reacio a destacar con cualquier xesto externo.

4. Crentes non practicantes.

Máis da metade da poboación española declárase crente non practicante. No fondo son os practicantes sacramentais ocasionais, cunha fe que case que non incide na súa vida ordinaria. Non acoden á misa dominical ou romperon coas esixencias morais da Igrexa. Ten entre 30 e 50 anos e sufriu na nenez ou adolescencia dous cambios profundos: o relixioso co Vaticano II e o político co paso da dictadura á democracia, o que os privou da identificación con patróns culturais e

cristiáns estables. Na medida que medraba o seu nivel educativo descendían as súas crenzas. Confiando na ciencia, a técnica e a economía, foron seducidos polo socialismo e o marxismo. Hoxe son escépticos, alonxados do institucional relixioso e político, centrados no logro dunha vida persoal e familiar feliz, afianzados na posesión dun traballo e apegados ó diñeiro. Esta xeración pasou dunhas accións sociais prescriptivas a unhas de libre elección, da institucionalización da tradición á instalación no cambio e do asociacionismo ó individualismo. Non lles vai a parroquia. Os seus fillos tampouco practican e apenas cren.

5. Bautizados indiferentes ou increntes

A actitude de indiferencia relixiosa dase sobre todo na xuventude. Gran parte da xuventude actual está alonxada do eclesial, incrementándose a indiferencia relixiosa. Con todo, o cristianismo da xuventude actualmente crente é máis asociativo e grupal, menos gregario e sacramental, máis relacionado coa experiencia e a vida. Aínda que cada vez hai menos xoves relixiosos, os que son crentes son máis conscientes da súa fe cós das xeracións precedentes. Para a maioría deles a parroquia non é un mundo apto para a xuventude, é de persoas maiores.

Cursos de verán en comunicación social

Estes cursos pretenden proporcionar os rudimentos básicos que esperten a capacidade e o interese por unha posterior especialización en medios de comunicación, pois unha formación axeitada neste ámbito fai posible a actitude crítica ante os propios medios e aproveitar tódalas súas posibilidades. Tamén se busca ofrecer aos reponsables de comunicación das dioceses, congregacións relixiosas e os seus colaboradores os elementos básicos para a súa formación permanente que faciliten a eficaz realización das súas tarefas comunicativas.

Do 2 ou 6 de xullo:

1. O animador pastoral para a cultura e a comunicación.

Integrar a comunicación mediática nas estratexias pastorais das parroquias; dominar os principais rexistros comunicativos a fin de motivar e dinamizar os labores catequéticos; adquirir unha lectura crítica dos medios e un uso adecuado e responsable.

2. Comunicación institucional: comunicación, planificación e estratexia de servizo.

Dentro do obxectivo xeral de profesionalización dos procesos de comunicación social da Igrexa e das súas institucións, este curso propónse ofrecer os conceptos e as ferramentas necesarias para superar os obstáculos que a sociedade da información suscita no intento por dar a coñecer a Misión da Igrexa.

3. Taller de radio.

Coñecer a programación e as técnicas de produción da radio en España. Desenvolver contidos radiofónicos expresivos empregando os recursos da linguaxe e a narrativa radiofónica.

Elaborar un programa especializado aplicando diversos xéneros

radiofónicos.

Do 9 ó 13 de xullo:

1. Comunicación e educación: cara a un uso responsable dos medios

Ofrecer as claves básicas para a formación dos cidadáns como usuarios e consumidores críticos dos medios de comunicación social. Aprender a enxuzar as mensaxes que nos chegan desde os medios clásicos de comunicación e a través de Internet na nova sociedade da información. Analizar os cambios substanciais no comportamento individual e nas actitudes sociais desde a programación, a didáctica nos medios audiovisuais, a educación para o consumo e a comunicación política.

2. Comunicación e novas tecnoloxías.

Comprender o cambio que se produce no manexo da información coas tecnoloxías dixitais. Adquirir as destrezas xerais básicas para a comunicación con ferramentas baseadas en tecnoloxía dixital. Asimilar os novos usos e tendencias que emerxen das tecnoloxías da información.



Granada - 9 - 14 de xullo

Anunciar o Evanxeo na cultura da comunicación

Este está destinado a seminaristas e terá un carácter de convivencia, baixo a dirección dun formador, designado polo Secretariado da Comisión Episcopal de Seminarios e Universidades. Terá lugar no Seminario Maior de Granada. Preténdese Iniciar aos participantes no coñecemento dos medios de comunicación e na súa importancia social e pastoral. A metodoloxía é teórico-práctica, integrándose, como básico, no plan formativo en comunicación social que elaborou a Comisión Episcopal de MCS, seguindo o documento *Orientacións sobre a formación dos futuros sacerdotes para o uso dos instrumentos da comunicación social*, da Congregación para a Educación Católica.

Durante o curso haberá ademais visitas guiadas á Alhambra, Generalife, Catedral, Capela Real, Cartuja e Sacromonte, e outras actividades culturais e deportivas.

Neste tempo de convivencia coidaranse especialmente os momentos de oración e a Eucaristía.

INSCRIPCIÓNS: SECRETARIADO DA COMISIÓN EPISCOPAL DE MCS. Tel. 91 343 97 39.



In Memoriam

D. Jesús Balado Castro.

Naceu en Santa María de Filgueira en 1927 e foi ordenado sacerdote en 1954. Comezou a súa labourea pastoral na parroquia das Dores (Lalín). En 1959 foi destinado a San Clodio de Ribas de Sil. En 1974 encargouse da parroquia de Torbeo e de Nogueira (Ribas de Sil). En 1980 fíxose cargo de de Sotordei. 1981- Membro da Comisión do Patrimonio Artístico Diocesano. En anos posteriores fíxose cargo tamén de Bendilló, San Cristóbal de Piñeira (unida de San Martín de Peites), Santa Lucía de Rairos e Santa María de Sequeiros e Santa M^a de Torbeo. Faleceu en xuño de 2007.

Campamentos de verán

Campanova 2007

Siador, do 2 ó 7 de xullo. Destinado a rapaces de 7 a 14 anos. O tema elixido para o campamento deste ano é "a historia máis grande xamais contada, vivida dende o inxenio e a diversión".

Campamento: Cheos de ilusión

Organizan: Fundación O Noso Lar e Asociación Mundaveiga.

En Cangas do Morrazo (Pontevedra) do 11 ó 20 de xullo. Destinado a rapaces de 9 a 17 anos, pertencentes ó concello de Samos. Ten como obxectivo disfrutar dun tempo de ocio, encontro con outros rapaces, contacto con Deus e a natureza, cultivar habilidades e medrar na capacidade creativa, disfrutar da praia... Para isto haberá excursións,



sendeirismo, obradoiros, xogos, festas... O día 15 está previsto adicar o día á familia e invitarase ás familias a pasar o día cos seus.

Tempo para crear

Durante o mes de xullo, Salesianos Don Bosco organiza en distintos puntos de Galicia

campamentos e cursiños.

En Foz haberá dous campamentos: un entre os días 5 e 15 e outro do 15 ó 23. Nestes mesmos días realízase un campamento na Rúa. E do 15 ó 26 en Cambados. Os cursos serán entre o 7 e o 23 en Cambados e Allariz.

A acción educativo-pastoral salesiana

Xoán Bosco, sacerdote italiano do oitocentos, proxectou un estilo educativo e pastoral de acción entre os mozos en resposta ás súas necesidades. Os mozos daquela, o mesmo cós actuais, necesitaban unha casa que acolla, unha escola que eduque, unha parroquia que evanxelice e un patio onde poder compartir a alegría de ser os preferidos de Deus Pai.

Os salesianos fundados por el, levan traballando coa infancia e xuventude lucense dende hai 18 anos. Na obra Salesianos- Divina Pastora, situada no popular barrio da Milagrosa, tratan de continuar este labor de educación integral por medio dunha oferta rica e variada de propostas .

A animación educativo-pastoral na escola

Desenvólvense en varios eidos. En primeiro lugar, o ambiente de familiaridade e proximidade na relación querido por D. Bosco trabállase en todos os niveis de ensinanza por medio das campañas de educación en valores aproveitando diferentes acontecementos (días internacionais, festas, etc.) ao longo do curso: campañas de solidariedade e promoción do desenvolvemento no terceiro mundo (Domund, Nadal solidario, Mans Unidas e xornada misioneira salesiana), campañas de educación en valores (dereitos dos nenos, xornada da paz, letras galegas, ecoloxía, etc.).

Destacamos e celebramos outras datas significativas na pastoral salesiana: tempos fortes (advento, coresma e pascua), conmemoración dos 24 de cada mes en honor de María Auxiliadora e Nai, festas salesianas (Don Bosco e María Auxiliadora), etc.

Tamén ofertamos actividades voluntarias para a educación na fe con encontros e convivencias cristiás para o ciclo superior de primaria e para secundaria. Acompañamos a vida de fe dos nenos e mozos, dende as súas inquiredanzas e necesidades.

Ademais, faise un acompañamento persoal,

mediante o diálogo individual, educativo e pastoral, orientador, animador co fin de chegar á maduración e crecemento integral.

Ateibo: un centro de tempo libre educativo

Os grupos e movementos do Itinerario de Educación na Fe desenvolvidos na pastoral salesiana veñen respondendo á necesidade de toda persoa de medrar e madurar a súa opción de fe no contacto cos iguais e co acompañamento e animación dun adulto que oriente o proceso educativo. Estes grupos desenvólvense dentro do Centro Xuvenil Ateibo, que ten por finalidade principal a educación dos nenos e mozos no tempo de lecer.

Ateibo ofrece, deste xeito, un espazo para o desenvolvemento de todos os movementos do Itinerario de Educación na Fe que acolle nenos e mozos dende os 8 aos 19 anos: Grupo Andaina (nenos de 8-11 anos), Grupos ADS (para preadolescentes de 12-14) e Grupos de Catecumenado (para mozos de 15 e 19 anos). Outras actividades educativas para o tempo de lecer: sala de acollida despois do horario escolar, sala de xogos, deportes, obradoiros, excursións e saídas, acampadas de fin de semana e campamentos no verán.



Actividades no colexio Divina Pastora e nun campamento

Programa Espabila da Fundación JuanSoñador

A Familia Salesiana creou esta fundación para atender a colectivos en risco de exclusión, en Asturias, Castela - León e Galicia. Nesta última comunidade desenvólvese o programa "Espabila, goza do Tempo Libre", cun maior protagonismo en Lugo, onde está a sede.

É un programa de intervención social dende o tempo libre para menores de 18 anos. Ofrecemos unha alternativa lúdico-educativa que atenda ás necesidades sociais, culturais, de lecer e tempo libre da infancia, especialmente da que está en situación de risco social, fomentando a participación dos nenos nunha sociedade integradora e de valores. A pretensión final é a mellora da calidade de vida da infancia.

Para conseguir isto hai 3 proxectos con actividades diferenciadas: normalización do tempo libre, integración no tempo libre, formación e sensibilización do voluntariado. Entre as actividades mencionaremos: ludoteca, saídas e excursións en contacto coa natureza, festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido, Día da Infancia, Letras Galegas...), obradoiros de manualidades e formación en valores, etc.

Estas actividades están coordinadas por unha persoa contratada e apoiadas por un equipo de voluntarios. Estes fan posible a realización do programa, pero sempre estamos a necesitar máis colaboración para axiña chegar a máis destinatarios e aumentar a nosa oferta mirando sempre ás demandas dos nenos/as.

- * PARROQUIAS
- * MOVEMENTOS
- * ASOCIACIONES
- * AXENDA DIOCESANA
- * LITURXIA
- * E todo o que desexa saber sobre a Igrexa en Lugo.

A NOSA VOZ

SUBSCRICIONS:

- ORDINARIA: 10 euros/ano
- BENEFACTOR: 15 euros/ano

Ingresos: Banco de Galicia. Nº conta 0600631224

Información: Nas parroquias, na Vicaría de Pastoral ou no Secretariado de Medios de Comunicación Social.